

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN CORRESPONDENTE AO DÍA 8 DE XUÑO DE 2011.

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, sendo as 14 horas do día 8 de xuño de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde en funcións D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE).

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE).

D. MANUEL JOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a. MIRIAM PIÑEIRO RODRÍGUEZ. (PP).

D. JULIO COUSELO GARCÍA. (PP).

D^a. MARÍA DO CARME ROBLEDO MUIÑA. (BNG).

NON ASISTEN:

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde en funcións declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA:

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 20 DE ABRIL, 25 DE ABRIL E 16 DE MAIO DE 2011. _____.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 20 DE ABRIL, 25 DE ABRIL E 16 DE MAIO DE 2011.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo ás actas das sesións do 20 de abril, 25 de abril e 16 de maio de 2011. Sometidas a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobalas sen ningunha rectificación.

O Sr. Alcalde en funcións declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde en funcións.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.